



BASES REGULADORAS DO III CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR “Dillo ben bonito”:

“O amor prémíase en Laxe”. Edición 2022.

INTRODUCCIÓN

Aínda que entendemos que as dedicatorias de amor, sexan de parella, de amizade ou a familiares, non deben facerse tan só un día ó ano, senón máis ben todo o contrario... Tomando como pretexto que o 14 de febreiro aparece como día sinalado no calendario coma o “Día dos namorados” para as persoas que forman parellas e tendo en conta tamén a súa popularidade, dende os Departamentos de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura do Concello de Laxe, propoñemos esta iniciativa para conmemoralo así como para promover entre a poboación, a composición de textos breves, que destaquen pola súa fermosura, a creación de textos con corazón, de textos con sentimento, que **na 3ª edición deste certame, premiará ó igual que na anterior: “O AMOR ENTRE DÚAS PERSOAS, O AMOR EN PARELLA”.**

Pretendemos que compartades con nós que “tendes o corazón ategado”, que “estades namorados”, que nos fagades participes da vosa leducia... queremos, en definitiva, coñecer os vosos sentimentos expresados en formato de texto breve en prosa ou en verso, a modo de dedicatoria. A norma máis importante, sentir o que se escriba, amosar os sentimentos, compartir o voso corazón a través das verbas, con ou sen rima, con ou sen métrica, con ou sen estrofa...

PARTICIPA E DEDICA AS TÚAS PALABRAS CON SENTIMENTO A TÚA PARELLA, Ó TEU AMOR, ben sexa este REAL OU PLATÓNICO.

Se a túa dedicatoria é unha das primeiras 9 que máis votos recibe a través do servizo de mensaxería de WhatsApp de NovasLaxe, e máis “me gusta” reúne a través da páxina do Facebook do Concello de Laxe durante a fin de semana do 11 ó 14 de febreiro do 2022, **PODERÁS GAÑAR**, en función do número total de votos e “me gustas” que recibas unha **NOITE DE ALOXAMENTO CON ALMORZO PARA DÚAS PERSOAS EN LAXE NUN DOS 9 ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS, HOSTALEIROS E/ OU CASAS DE TURISMO RURAL QUE PARTICIPAN NA INICIATIVA.**

1 PARTICIPANTES.

- **Poderá participar nesta iniciativa, toda persoa que así o desexe**, sexa ou non residente en Laxe, sempre e cando sexa **maior de idade**.
- **Cada persoa, nominadamente, só poderá presentar unha única dedicatoria**. Só será admitida a primeira dedicatoria recibida no noso Concello de cada unha das persoas participantes. As restantes recibidas archivaranse, pero, en ningún caso, poderán optar ós premios do certame.

2 TEMA DAS DEDICATORIAS. “O AMOR EN PARELLA”, ben sexa este amor REAL OU PLATÓNICO.

3 FORMATO E OUTROS REQUISITOS DA DEDICATORIA.

- **A DEDICATORIA concretarase nun TEXTO BREVE EN PROSA ou EN VERSO que será presentado en folio DIN A4.**
- **Deberá ter UN MÍNIMO de 15 PALABRAS e un MÁXIMO de 80.**
- **Preferentemente, redactarase en idioma galego**, aínda que tamén se admitirá o castelán para aquelas persoas que non coñezan o idioma galego.
- A dedicatoria poderá entregarse **escrita a man ou mecanografiada** pero, en todo caso, deberá ser lexible.
- **Ó COMEZO DA PUBLICACIÓN, escribirase en letras maiúsculas O TÍTULO DA DEDICATORIA**, a continuación a dedicatoria e **Ó FINAL desta escribirase un PSEUDÓNIMO** que cada persoa participante elixirá libremente e que será co que se suba ás redes do Concello para garantir o anonimato e a imparcialidade nas votacións.
- En mensaxe, parágrafo ou papel diferente deberanse facilitar os **DATOS PERSOAIS** das persoas participantes: **nome e apelidos, ano de nacemento, concello de residencia e teléfono/s de contacto.**
- **O texto que se presente deberá ser inédito e reunir uns mínimos de sentido e calidade** para ser admitido ó certame. Neste senso, dende o Departamento de cultura do Concello, a medida que se vaian recibindo as dedicatorias, realizarase un control e primeiro filtrado destas, excluindo aquelas que constitúan un plaxio e/ou que non reúnan uns mínimos de sentido e calidade. Serán excluídas e eliminadas de xeito inmediato aquelas publicacións con contidos que lesionen ou firan dereitos e/ou sentimentos de terceiros ou que empreguen vocabulario inadecuado.



4 DOS PRAZOS e DA FORMAS DE PRESENTACIÓN.

- Dende as 15.00 horas do **MARTES 1 DE FEBREIRO** ata ás **12.00 horas** do **VENRES 11 DE FEBREIRO** deste ano 2022.
- Haberá **2 MODALIDADES DE PRESENTACIÓN DAS DEDICATORIAS** e envío dos datos persoais:
 - DE MANEIRA PRESENCIAL, depositando nun sobre a dedicatoria xunto cos datos persoais no REXISTRO XERAL DA CASA DO CONCELLO.
 - DE FORMA TELEMÁTICA, a través da sede electrónica municipal: <https://sede.laxe.es/opencms/gl/>En ambos casos, deberá achegarse unha INSTANCIA DE SOLICITUDE XERAL xunto coa documentación requirida.

5 DO XURADO E DO PROCEDIMENTO PARA A ELECCIÓN DAS DEDICATORIAS GAÑADORAS

- O xurado estará formado por todas aquelas persoas que emitan os seus votos a través da canle de FACEBOOK e do Servizo de mensaxería whatsapp de NovasLaxe.
- Do procedemento:
 - **Antes das 15.00 horas do venres 11 de febreiro, TODAS AS DEDICATORIAS**, independentemente da súa forma de presentación, serán **COMPARTIDAS A TRAVÉS DA PÁXINA DO FACEBOOK** nunha publicación creada especificamente para a celebración das votacións do certame, así como na **WEB DO CONCELLO DE LAXE** e **SERVIZO DE NOVASLAXE**.
 - **A partir dese momento, iniciarase un PROCESO DE VOTACIÓN** que se dará por **CONCLUÍDO** o propio día **LUNS, 14 DE FEBREIRO ÁS 12.00 horas**, momento no que se recompilarán as votacións. Todos aqueles votos emitidos ou recibidos con posterioridade, non serán tidos en conta.
- Dende a Concellería, animamos a que os criterios que guíen as votacións para elixir as dedicatorias gañadoras deste 2022, sexan e estean baseados na súa:
 - ORIXINALIDADE;
 - CALIDADE;
 - FERMOSURA e
 - DELICADEZA.
- As 9 dedicatorias que máis votos reúnan ás 11.00 horas do LUNS, 14 DE FEBREIRO DO 2022, como resultado de sumar os “me gusta” recibidos a través da Páxina do Facebook de Laxe ou os votos recibidos a través do servizo de mensaxería WhatsApp de NovasLaxe ó 657 771 006 co texto “VOTO A DEDICATORIA: (*título da dedicatoria*)”, recibirán como premio **UNA NOITE DE ALOXAMENTO E ALMORZO nos seguintes aloxamentos**, e na seguinte orde, en función do número de votos que obteñan, ordeados estes de maior a menor:

1. CABANAS NA AREA	2. HOTEL RÚSTICO DA TORRE	3. HOTEL O NÁUTICO DE LAXE
4. HOTEL CASA DO ARCO	5. CASA RURAL O ARRUEIRO	6. HOTEL MAR DE LAXE
7. APARTAMENTO TURÍSTICO OS BATÁNS	8. HOSPEDAXE RESIDENCIA BAHÍA	9. HOTEL MAR DE LAXE
- No taboleiro de anuncios da Casa do Concello, así como na páxina web e canles de comunicación municipais habituais, compartírase o cadrante resumo das votacións no que constará o título da dedicatoria, o pseudónimo de cada unha delas, o número de votos e “me gustas” acadados e o aloxamento asignado en función da puntuación total acadada no certame.

6 DO PREMIO.

- Consistirá na **ENTREGA DUN DIPLOMA E UN VALE** que dará dereito a gozar dunha noite de aloxamento e almorzo para a persoa gañadora e a súa parella no aloxamento que en función do número total de votos lle sexa asignado segundo a orde sinalada no punto anterior. Tendo en conta as posibles limitacións e recomendacións sanitarias provocadas pola pandemia da COVID-19, o premio poderase disputar dende a data da súa concesión ata o 30 de novembro do 2022, agás naqueles meses de temporada alta e/ou descanso/peche fixados por cada aloxamento.
- A entrega do diploma e do vale realizarase durante a **SEMANA DO 14 DE FEBREIRO** nun acto individualizado con cada persoa gañadora.



- A persoa gañadora deberá realizar a reserva do aloxamento de común acordo co responsable do establecemento e en función da súa dispoñibilidade, debendo comunicar ó Concello de Laxe a data concertada á maior brevidade posible ó enderezo electrónico: cultura@concellodelaxe.com.
- **Unha vez disfrutado o premio, a persoa gañadora deberá presentar no Concello de Laxe o DIPLOMA que o acredita como persoa gañadora do III Certame de Dedicatorias de amor “Dillo ben Bonito”: “ O amor prémíase en Laxe”, así como a factura que lle expedirá o aloxamento no que disfrute da noite de aloxamento con almorzo, xunto cunha instancia de solicitude de premio que deberá solicitar nas oficinas xerais ou descargar da páxina web do Concello de Laxe, sinalando o número de conta bancaria no que o Concello de Laxe lle reembolsará o importe de dita factura.** A presentación da dita documentación, poderase facer tanto de xeito preesencial como de xeito telemático a través da sede electrónica municipal, sempre e cando, claro está, a persoa premiada conte con algún sistema de identificación dixital.
- O premio é de carácter persoal e intransferible.
- No caso de que a persoa premiada renuncie ó premio do certame deberá achegar unha instancia de solicitude xeral tan pronto tome dita decisión para que a seguinte persoa con máis votos no certame poida ter a oportunidade de gozar do premio ó que esta renuncia. En dita instancia, deberá expoñer que resultando premiada no certame, renuncia expresamente ó premio concedido polo Concello de Laxe, solicitando ó Concello que tome dita renuncia en consideración ós efectos da decisión oportuna.

7 DEREITOS DE AUTOR

- **Todas as dedicatorias que se presente por calquera dos medios sinalados, pasarán a formar parte do arquivo literario do Concello de Laxe**, enriquecendo así o noso patrimonio cultural municipal.
- **O Concello, resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación** de ditas composicións sen que medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda.
- **En ningún caso, serán esixibles dereitos de autor** por parte do autor/a.
- **Cada persoa participante consente que o Concello de Laxe faga público o seu nome e apelidos no caso de resultaren premiados.**

8 PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais recollidos durante o certame, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este, garnatindo a súa confidencialidade.

Tan só se farán públicos o nome e apelidos da/s persoa/s gañadora/s, así como a súa fotografía no momento da recollida e entrega do premio do certame, que se enviarán tanto ós medios de comunicación locais e empregarán nos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe.

De acordo coa LOPD, Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados.

Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a cultura@concellodelaxe.com ou enviando unha carta ó noso enderezo postal enriba indicado.

9 En todo o non previsto nestas bases, resolverá a corporación municipal do Concello de Laxe.

10 A PARTICIPACIÓN NESTE CERTAME SUPÓN A TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES.